



A Virgen de Portas Abertas

IV 831b

[Virgen de Portas Abertas
mociñas,] vámola ver
ten a fonte tras da casa
agua de lindo beber.

IV 835b

Virgen de Portas Abertas,
ten uns zapatiños blancos
i as mozas de Florderrei
vana ver os días Santos.

IV 832a

Virgen de Portas Abertas
mais ela tenas cerradas
por culpa das aughas frías
que ven de serras nevadas.

IV 772b

Virgen de Portas Abertas
moi altiña se foi por,
na máis alta pico tiña
dando vista a Vilaflor.

IV 823a

Virgen de Portas Abertas
vídela vai na ribeira
collendo pedriñas de ouro
metendoas na faltriqueira.

IV 813b

Virgen de Portas Abertas,
ven dela vai na ribeira
cunha cestiña na mau
deprendendo a costureira.

IV 818b

Virgen de Portas Abertas,
olliños de perdigón
velos levando lumbrando
no medio da procisión.



IV 835b

Virgen de Portas Abertas,
ten uns zapatiños blancos

ai, saralaralara

i as mozas de Florderrei

vana ver os días Santos

ai, saralaralara